

# 1. Fundamentos de métrica

## Medida dos versos

Os versos midense en sílabas, tendo en conta que:

- se a última palabra é aguda, hai que contar unha sílaba máis;
- se a última palabra é esdrúxula, hai que contar unha sílaba menos;
- se a última palabra é grave non se modifica o cómputo de sílabas.

### LICENCIAS MÉTRICAS

**Diérese:** Permite a separación métrica de dúas vogais que forman ditongo (*e-mo-ci-ón*).

**Sinérese:** Consiste en facer un ditongo con dúas vogais que non o constitúen (*re-soa*).

**Sinalefa:** Reduce dúas sílabas a unha cando unha palabra remata por vogal e a seguinte comeza tamén por vogal (*po-bre-al-ma*).

**Hiato ou dialefa:** Cóntanse dúas sílabas áinda que puidera haber sinalefa (*po-bre-al-ma*).

## Clasificación dos versos

■ De **arte menor**, menos de 8 sílabas:

*bisílabos* (2 sílabas),

*trisílabos* (3),

*tetrosílabos* (4),

*pentasílabos* (5),

*hexasílabos* (6),

*heptasílabos* (7),

*octosílabos* (8).

■ De **arte maior**, máis de 8 sílabas:

*eneasílabos* (9),

*decasílabos* (10),

*hendecasílabos* (11),

*dodecasílabos* (12),

*tridecasílabos* (13),

*alexandrinos* (14).

## Rima

■ **Rima consonante:** a igualdade fonética entre dous ou máis sons (vogais e consoantes) é perfecta:

Eu nacín en agreste soedade,  
eu nacín cabo dun agreste outeiro,  
Por onde os Anllóns con nobre maxestade  
camiña ao seu destino derradeiro.

Eduardo Pondal

■ **Rima asonante:** a igualdade fonética prodúcese só entre as vogais:

Nasín cando as prantas nasen,  
no mes das froles nasín,  
nunha alborada mainiña,  
nunha alborada de abríl

Rosalía de Castro

## A estrofa

Chámase estrofa á combinación dun número determinado de versos que se repite de modo regular nunha composición. Estas son as más comúns:

### 2 VERSOS

**Pareado:** aa/aa      ason./consonante

### 3 VERSOS

**Terceto:** 11 A-A      consonante

### 4 VERSOS

**Cuarteto:** 11 ABBA      consonante

**Sirventesio:** 11 ABAB      consonante

**Redondilla:** 8 abba      consonante

**Cuarteta:** 8 abab      consonante

**Cuadernavía:** 14 AAAA      consonante

**Copla:** -a-a      asonante

### 5 VERSOS

**Quinteto:** arte maior, rima variable, consonante

**Quintilla:** arte menor, rima variable, consonante

**Lira:** 7a 11B 7a 7b 11B      consonante

### 6 VERSOS

**Sexteto:** arte maior, rima variable, consonante

### 7 VERSOS

**Sétima:** arte maior, rima variable, consonante

### 8 VERSOS

**Oitava real:** 11 ABABABCC consonante

### 10 VERSOS

**Décima:** 8 abbaaccddc      consonante